MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO NÚCLEO RURAL DE A CAÑOTA, SADA

32426463M
ANGEL LUIS
MONTEOLIVA
(R: B15148729)

Firmado digitalmente por 32426463M ANGEL LUIS MONTEOLIVA (R: B15148729)
Fecha: 2024.08.27 10:25:30 +02'00'

NORMATIVA URBANÍSTICA

FASE: APROBACIÓN DEFINITIVA

AGOSTO 2024

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

ÍNDICE XERAL DO DOCUMENTO DE PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR

01. MX

- MEMORIA INFORMATIVA
- MEMORIA XUSTIFICATIVA
- ANEXOS Á MEMORIA

02. PINF

- PLANOS DE INFORMACIÓN

03. PORD

- PLANOS DE ORDENACIÓN

04. NU

- NORMATIVA URBANÍSTICA

05. CAT_NP

06. EE

- ESTUDO ECONÓMICO
- MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA
- INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA

07. AAE

- DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO
- PLANOS DE ALTERNATIVAS
- INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

08. MOD_ODPXOM_NP

09. PPC

- INFORME DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

ÍNDICE DA NORMATIVA URBANÍSTICA

NORMATIVA URBANÍSTICA 4

1. NORMAS XERAIS 4
Artigo 1.1. Natureza, ámbito e vixencia 4
Artigo 1.2. Relación co PXOM de Sada 4
Artigo 1.3. Alcance normativo dos documentos 4
Artigo 1.4. Modificacións 4
Artigo 1.5. Desenvolvemento e execución da Actuación Integral 4
Artigo 1.6. Sistema de actuación 5
Artigo 1.7. Definicións 5
2. NORMAS COMÚNS DA EDIFICACIÓN E DOS ESPAZOS LIBRES PRIVADOS 5
Artigo 2.1. Parámetros e determinacións reguladoras 5
Artigo 2.2. Superficie edificable 5
Artigo 2.3. Condicións de integración, estéticas, construtivas e de acabado dos edificios 5
Artigo 2.4. Peches de parcela e muros de contención 6
Artigo 2.5. Condicións aplicables aos espazos non ocupados pola edificación 7
Artigo 2.6. Prazas de aparcadoiro 8
3. NORMAS OU ORDENANZAS DE ZONA 8
Artigo 3.1. Ordenanza NRC-1 8
Artigo 3.2. Ordenanza de equipamento. 8
Artigo 3.3. Ordenanza de Sistema de espazos libres e zonas verdes. 8
Artigo 3.4. Ordenanza 6. Sistema viario. 9
4. NORMAS DE URBANIZACIÓN 9
Artigo 4.1. Obrigatoriedade 9
Artigo 4.2. Obxecto e alcance dos proxectos de urbanización 10
Artigo 4.3. Contido dos proxectos de urbanización. 10
Artigo 4.4. Aprobación dos proxectos de urbanización. 10
Artigo 4.5. Condicións e tratamento da rede viaria. 10
Artigo 4.6. Condicións do abastecemento de auga. 11
Artigo 4.7. Condicións do saneamento de augas fecais 12
Artigo 4.8. Condicións do saneamento de augas pluviais 12
Artigo 4.9. Condicións do subministro de electricidade 12
Artigo 4.10. Condicións do alumeado público 12
Artigo 4.11. Recollida de lixo 13
Artigo 4.12. Mobiliario urbano 13
Artigo 4.13. Normas de protección do medio ambiente durante as obras 13
Artigo 4.14. Conservación da urbanización 16
5. NORMAS DE PARCELACIÓN 16
Artigo 5.1. Xeneralidades 16
Artigo 5.2. Segregación de parcelas. Parcela mínima. 16
Artigo 5.3. Agrupación de parcelas 17
6. SERVIDUMES AERONÁUTICAS 17
Artigo 6.1. Definición e prohibicións 17
ANEXO: NORMATIVA REGULADORA EN RELACIÓN Á REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA 18
1. ORDENACIÓN DE SISTEMAS 18
2. ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL 20

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

NORMATIVA URBANÍSTICA

1. NORMAS XERAIS

Artigo 1.1. Natureza, ámbito e vixencia

1. O presente Plan Especial de Reforma Interior, en adiante PERI, desenvolve un ámbito do solo de núcleo rural común, na Cañota, segundo o previsto no PXOM do Concello de Sada.

2. O Plan non entrará en vigor ata que se produza a publicación no BOP dos textos íntegros do acordo de Aprobación Definitiva e da Normativa Urbanística, e transcorra o prazo previsto na lexislación de réxime local. A súa vixencia será indefinida.

3. As presentes Ordenanzas serán de aplicación obrigatoria para a redacción de Estudos de Detalle, Proxectos de Urbanización e de Edificación, de Equidistribución e de Parcelación, tanto privadas como de carácter público que se pretendan realizar dentro do ámbito do PERI.

Artigo 1.2. Relación co PXOM de Sada

En todos os puntos non desenvolvidos no presente PERI, estarase ao disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada en concordancia coa lexislación urbanística vixente.

Artigo 1.3. Alcance normativo dos documentos

1. O alcance normativo do Plan deriva do contido normativo dos documentos que o integran:

Normativa urbanística e Planos de Ordenación que terán carácter obrigatorio e vinculante.

2. A cartografía a escala 1/1.000 que constitúe a base gráfica sobre a que se debuxou a planimetría terá o carácter de cartografía municipal oficial e o seu uso será obrigatorio para reflectir o emprazamento e determinacións de calquera actuación de planeamento ou de calquera petición de licenza urbanística. O concello poderá crear a correspondente ordenanza para a expedición de copias reproducibles da cartografía oficial.

Artigo 1.4. Modificacións

1. A modificación de calquera dos elementos do Plan axustarase ao previsto na LSG e no non previsto ao disposto por esta normativa.

2. As modificacións non poderán alterar en ningún caso o teito máximo de edificabilidade definido no PXOM de Sada. Estarase ao disposto no artigo 83 da LSG.

Artigo 1.5. Desenvolvemento e execución da Actuación Integral

Para a execución do PERI no ámbito de Actuación Integral, redactaranse obrigatoriamente os Proxectos de Urbanización correspondentes e os instrumentos de equidistribución.

A Actuación Integral desenvolverase en dous (2) polígonos, segundo a delimitación expresada nos planos de ordenación.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Artigo 1.6. Sistema de actuación

Fíxase como sistema de actuación o de compensación. Este sistema só poderá ser substituído por algúns dos outros contemplados na LSG e no RLSG.

Artigo 1.7. Definicións

Aos efectos desta Normativa considéranse vixentes e de aplicación as definicións e parámetros do PXOM de Sada.

2. NORMAS COMÚNS DA EDIFICACIÓN E DOS ESPAZOS LIBRES PRIVADOS

Artigo 2.1. Parámetros e determinacións reguladoras

Con carácter xeral, os parámetros e determinacións reguladoras son as adoitadas dende o PXOM de Sada, coas limitacións e determinacións de detalle impostas dende o presente PERI.

Artigo 2.2. Superficie edificable

A superficie edificable de cada parcela virá dada pola aplicación dos parámetros de ocupación e altura máxima, ou calquera outra limitación das definidas na ordenanza NRC-1 de núcleo rural común do PXOM de Sada.

No ámbito específico da Actuación Integral o presente PERI establece para cada cuarteirón a superficie edificable máxima absoluta expresada en metros cadrados e mediante coeficiente. O proxecto de equidistribución establecerá o reparto de aproveitamento para cada parcela.

Aos efectos do cómputo da superficie edificable, estarase ao disposto no artigo 64.5 do RLSG.

Artigo 2.3. Condicións de integración, estéticas, construtivas e de acabado dos edificios

Con carácter xeral as condicións que deben cumprir os edificios dende o punto de mira ambiental serán as que establecen os artigos 3.2.13 e 7.1.6. do PXOM de Sada. Se ben, de xeito complementario terase en conta o seguinte:

Os proxectos de edificación conterán, na súa memoria, un apartado xustificativo da proposta arquitectónica, a cal xurdirá dun proceso meditado que debe ter en consideración as características do lugar, en especial, a forte pendente do terreo en determinados ámbitos do núcleo, co obxecto de procurar unha adecuada integración topográfica.

Procurarase entón que, nas áreas de forte pendente, o volume se implante mediante desmonte, a turramonte, evitando a xeración de terraplén salvo o mínimo imprescindible para a creación dun espazo chan diante das fachadas.

O proceso de proxecto sustentarase na base da racionalidade construtiva e da racionalidade na elección de materiais, nos principios da arquitectura bioclimática e eco-eficiente e, mesmo, nos principios de integración paisaxística.

As edificacións darán prioridade á iluminación natural e ao uso de sistemas enerxéticos de baixo consumo. Esixirase, tanto nos edificios residenciais como nos dotacionais unha certificación enerxética “D” ou superior.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Prohíbese o emprego de materiais de acabado brillante, coa excepción do vidro, o cal utilizarase de xeito racional coa finalidade de iluminar, proporcionar vistas ao exterior e de contribuír ao equilibrio térmico da edificación. Prohíbese o vidro con acabado reflectante ou espelleado.

Admítense materiais tradicionais e contemporáneos ou industrializados, sempre que sexan de acabado non brillante ou que adquiran pátina sen brillo en pouco tempo, procurando ademais o emprego de materiais de baixa pegada ecolóxica.

No caso de materiais nobres como o formigón armado de boa factura e deseño, cobre, cinc, aceiro corten, pedra natural da comarca, madeira, etc., as cores de acabado serán as dos propios materiais. Porén, en caso de superficies pintadas *in situ* ou de materiais elaborados industrialmente e con acabado en cor á carta, esíxese a adecuación á carta de cores da *Guía de cor e materiais de Galicia*, para a unidade *Golfo Ártabro*, *Edificación construída dende 1960 ata a actualidade.*

Procurarase empregar materiais locais tradicionais na construción, materiais renovables ou que presenten un baixo consumo enerxético na súa fabricación, como pode ser pedra, madeiras con garantías de procedencia, cerámica, termo-arxila, illamentos naturais (cortizas, liño, fibras vexetais, celulosa, etc), plásticos ecolóxicos (PP, PE, PB,..), vidro, etc.

Evitaranse materiais que proceden de procesos produtivos con graves impactos ambientais ou que poidan provocar danos a saúde dos usuarios das futuras edificacións, como poden ser xesos a base de escouras industriais.

Fomentaranse técnicas construtivas que posibiliten a reciclaxe/desmontaxe, así como a coordinación coa regulamentación da produción e xestión de residuos de construción e demolición.

As edificacións residenciais e a dotación, potenciarán a reutilización das augas grises.

No deseño dos edificios teranse en conta as medidas para o aforro hídrico (por exemplo: Instalación de aireadores na grifería ou os sistemas de descarga dos inodoros dotaranse de sistemas para deter a descarga ou dispoñerán distintos tipos de descarga.

Non se permitirá que situacións de provisionalidade ou falta de acabado se prolonguen no tempo. As actuacións en edificios e parcelas deberán rematarse integramente segundo as prescripcións dos proxectos, en especial as visibles, como os paramentos exteriores, cubertas, peches, pavimentos e axardinamento.

Prohíbese o uso dos edificios como soporte de publicidade.

Artigo 2.4. Peches de parcela e muros de contención.

Con carácter xeral as condicións que deben cumprir os peches serán as que establece o artigo 3.2.12 do PXOM de Sada. Se ben, de xeito complementario terase en conta o seguinte:

Os peches serán coherentes coa edificación principal, procurando unha imaxe harmoniosa de conxunto.

En terreos en pendente admítese un desfase ou exceso de ata 0,50 metros sobre a altura máxima, sendo que, máis aló de 2,00 metros de altura o muro opaco terase que graduar.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Os muros de peche realizaranse con materiais naturais (pedra, madeira). Admítense outros materiais como o formigón ou aceiro corten, sempre que o acabado e deseño sexa digno e elaborado. Admítese, mesmo, paramentos de fábrica de bloque sempre que o seu acabado sexa enfuscado e pintado segundo a carta de cores da *Guía de cor e materiais de Galicia* (unidade: *Golfo Ártabro*, carta de cores para edificacións construídas dende 1960 ata a actualidade.

Recomendase consultar a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados* da Xunta de Galicia, ao obxecto de reproducir tipoloxías da zona ou ben reinterpretar a tradición mediante propostas novidosas.

No caso de ser necesaria a execución de estruturas de contención, empregaranse sistemas verdes que procuren a integración paisaxística, como os tipo gabións, xeomallas, muros xardineira, etc.

Artigo 2.5. Condicións aplicables aos espazos non ocupados pola edificación

Os espazos non ocupados pola edificación estarán convenientemente axardinados ou naturalizados mediante especies vexetais autóctonas ou naturalizadas en Galicia pertencentes ao dominio bioclimático da zona (*Castanea sativa, Quercus robur, Populus alba, Polpulus nigra, Laurus nobilis, Frangula alnus, Crateagus monoguma, Prunus spinosa, Pyrus cordata, etc)*. Prohíbese a plantación de especies vexetais das incluídas nos catálogos oficiais de especies foráneas invasoras, sendo que, en caso de prosperar algún exemplar arraigado de xeito incontrolado ou espontáneo, procederase a súa eliminación. Prohíbese o uso de herbicidas para o control da vexetación.

Como alternativa ao xardín, permítese o uso hortícola e a existencia de árbores froiteiros nos espazos non ocupados.

Respectarase, na medida do posible, a morfoloxía orixinal do terreo. A este respecto admítense movementos de terra necesarios para o establecemento de percorridos peonís e espazos de estancia ao aire libre. De igual xeito, permítense as explanacións necesarias para garantir os accesos viarios a lugares de aparcamento.

Como consecuencia das explanacións realizaranse noiros, os cales estarán convenientemente axardinados. Cando sexa necesario construiranse muros de contención de baixo impacto paisaxístico. Non superarán a altura de 1,50 metros e estarán separados mediante noiros de 1,00 metro de largo.

Os materiais e cores dos muros de contención cumprirán o establecido no artigo anterior.

Non se permitirán nas parcelas situacións de abandono ou falta de acabado unha vez rematadas as obras, en especial as visibles, provocadas por falta de axardinamento, déficits ou faltas de pavimentación, amoreamento de materiais, etc.

Prohíbese a publicidade estática ou colocación de vallas publicitarias no interior das parcelas.

Non se permite a evacuación de augas de choiva procedentes da parcela e edificio na rede pública. Habilitaranse sistemas de retención o infiltración dentro de cada parcela.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Os espazos non ocupados pola edificación considéranse espazos exteriores de calidade aos efectos de dar cumprimento as determinacións das NHV-2010.

Artigo 2.6. Prazas de aparcadoiro

Establécese a obriga da reserva na parcela ou edificio dunha praza de aparcamento por cada 100 m² edificables ou por cada vivenda.

No ámbito da Actuación Integral reservaranse prazas de aparcadoiro na proporción mínima establecida nos planos de ordenación para cada cuarteirón.

As prazas de aparcadoiro poderán estar na mesma vivenda (planta baixa ou plantas soterradas), na mesma parcela ao aire libre ou en edificación auxiliar.

3. NORMAS OU ORDENANZAS DE ZONA

Artigo 3.1. Ordenanza NRC-1

O presente PERI adoita a ordenanza NRC-1 do PXOM para o ámbito do plan.

Segundo establece o artigo 7.3.1., apartado 1, na área sometida a actuación integral admítese a vivenda pareada.

Artigo 3.2. Ordenanza de equipamento.

Tipoloxía e sistema de ordenación

Na parcela SLEQ contemplase unha edificación illada para uso dotacional, de configuración e deseño libre. O Concello, en virtude das necesidades, poderá optar por non facer edificación, mais, simplemente instalacións deportivas ou recreativas ao aire libre.

Usos

O uso principal será dotacional para a prestación de servizo público.

O PERI non asigna un uso específico, o cal someterase no seu momento á decisión municipal.

Ocupación máxima

No caso de facerse una edificación, a ocupación máxima será do 50% da superficie neta da parcela.

Altura máxima

A altura máxima será de B+1 e 8,00 metros.

Recuado

Esíxese un recuado mínimo de 3,00 metros respecto a lindes con outras parcelas e respecto á aliñación de viario.

Artigo 3.3. Ordenanza de Sistema de espazos libres e zonas verdes.

Constitúen os ámbitos de solo cualificados polo Plan de Sistema Local de Espazo Libre e Zonas Verdes públicas.

- A zona SLEL-1 destinarase a área axardinada. Plantarase arboredo autóctono de gran porte e o nivel de urbanización será o mínimo imprescindible para o paseo e a estancia ao aire libre.
- A zona SLEL-2 destinarase a área de xogos infantís. Irá dotada do mobiliario urbano e pavimentación adecuada a esta función.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

O proxecto de urbanización deberá ter en conta a perspectiva de xénero na urbanización dos espazos públicos establecendo medidas encamiñadas a dotar e transmitir seguridade aos usuarios e usuarias do ámbito evitando zonas nas que se poidan dar situacións de perigo polo seu deseño e morfoloxía e dotar dunha iluminación adecuada.

Os espazos libres e zonas verdes teñen a condición de espazo exterior de calidade aos efectos de dar cumprimento as determinacións das NHV-2010.

Artigo 3.4. Ordenanza 6. Sistema viario.

Comprende o solo destinado á rede de comunicación viaria ao servizo da urbanización. Ten a cualificación de sistema local de comunicación viaria. Nos correspondentes planos de ordenación queda definido xeometricamente mediante aliñacións e rasantes.

Será de cesión e titularidade pública, e estará composto por zonas destinadas ao tránsito rodado, illetas, carrís para bicis, itinerarios peonís, aparcamentos vinculados á rede viaria e espazos para a colocación de elementos para depósito e recollida de residuos de tipo urbano (contenedores de orgánico, inertes ou recollida selectiva de vidro, papel, etc).

Baixo rasante do sistema viario discorrerán as redes de infraestruturas de servizo e elementos de urbanización do Sector.

Na área de Actuación Integral vinculase á rede viaria un mínimo de 47 prazas de aparcadoiro (dúas (2) delas adaptadas a minusválido). A rede viaria irá dotada de arboredo segundo o indicado nos planos de ordenación, a concretar de xeito detallado no Proxecto de Urbanización.

O sistema viario previsto considérase “espazo exterior de calidade” aos efectos de dar cumprimento as determinacións das NHV-2010.

En virtude da xerarquía da vía, establécense as seguintes determinacións:

- Na rúa principal (pista de A Cañota a Mosteirón), a sección transversal distribuirase en calzada, beirarrúas e carril bici, segundo o expresado en planos de seccións. A rede para a mobilidade rodada terá o límite 30 de velocidade máxima.
- O resto da rede viaria terá a condición de mobilidade compartida ou tráfico de coexistencia. A plataforma será única e de pavimento continuo sen resaltos e, a poder ser, dun material filtrante, tipo adoquín, lastro ou calquera outro que deixe crecer a herba entre as xuntas. O limite de velocidade establecese en 10 km/h.

4. NORMAS DE URBANIZACIÓN

Artigo 4.1. Obrigatoriedade

Para a execución da Actuación Integral redactaranse proxectos de urbanización que terán en conta as determinacións expresadas na presente Normativa e no PXOM de Sada.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Artigo 4.2. Obxecto e alcance dos proxectos de urbanización

1. Os proxectos de urbanización teñen por obxecto a definición técnica precisa capaz de levar a cabo a execución da urbanización definida no PERI.

2. Os proxectos de urbanización non poderán cambiar as determinacións do PERI en canto a ordenación, réxime do solo e niveis de uso e intensidade. Todo o máis, poderán realizar axustes de detalle froito do proceso de adaptación das determinacións á realidade física.

3. A efectos do alcance dos proxectos, as obras de urbanización comprenden os aspectos da vialidade, o abastecemento de auga, a rede de saneamento, o subministro de enerxía eléctrica, a iluminación pública, xardinería e outros análogos.

4. Os proxectos de urbanización deberán resolver adecuadamente os enlaces dos servizos existentes exteriores ao ámbito nos termos expresados no presente PERI, comprobando, en calquera caso, a capacidade destes para soportar as cargas engadidas pola nova urbanización.

5. Os proxectos de urbanización darán cumprimento das diferentes lexislacións sectoriais e específicas que correspondan a cada caso, en especial, á lexislación sobre accesibilidade e supresión de barreiras.

Artigo 4.3. Contido dos proxectos de urbanización

1. Os proxectos de urbanización terán a documentación necesaria para a correcta posta en práctica das súas determinacións. Os documentos e definicións de obra que comprende o Proxecto de Urbanización serán, como mínimo, os que establece o artigo 225 do RLSG.

2. Os proxectos estarán redactados de forma que permitan a persoas distintas aos autores, a dirección e execución das obras, as cales formarán un conxunto terminado, de modo que o seu funcionamento sexa completo.

3. Tódolos proxectos irán datados e firmados por técnico competente, sobre o que recaerá a responsabilidade do proxecto e a súa adecuación ao planeamento antecedente.

4. O Proxecto de Urbanización conterá as determinacións necesarias para dar cumprimento ás normativas técnicas sectoriais e de accesibilidade universal, debendo adecuarse a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental e eficiencia enerxética.

Artigo 4.4. Aprobación dos proxectos de urbanización.

Os proxectos de urbanización tramitaranse segundo o procedemento descrito no artigo 226 do RLSG.

Artigo 4.5. Condicións e tratamento da rede viaria.

<u>Pavimentación</u>

1) Para calcular a pavimentación de calzadas nas vías rodadas terase en conta tanto o espesor das capas de firme necesario como o material a empregar na capa de rodaxe, o carácter e o tráfico das mesmas.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

2) Con carácter aconsellable en tódolos casos e de forma obrigada en terreos arxilosos, disporase unha primeira capa de arena de río que actuando como drenaxe evite que as arxilas se mesturen coas capas superiores do pavimento

3) Os materiais de pavimentación elixiranse de acordo cun código funcional que distinga a categoría do espazo, circulación rodada, bicicletas, peonil, estancia de persoas e de vehículos, uso conxunto de persoas e de vehículos, etc.

O pavimentos serán filtrantes nos viarios de coexistencia. Recoméndase o emprego de bloque ou lastro con xunta aberta ou outro material con certo grao de permeabilidade.

Ao mesmo tempo procurarase que estes materiais non dificulten a circulación das persoas e de vehículos de mano.

4) As tapas de arquetas, rexistros, etc. orientaranse tendo en conta as xuntas dos elementos do paramento e nivelaranse co seu plano de tal forma que non resalten sobre o mesmo.

5) A pendente mínima transversal será do 0,8%. Admitiranse excepcionalmente pendentes menores sempre que o proxecto resolva adecuadamente o drenaxe da plataforma, utilizando levadas, ampliando a frecuencia de sumidoiros, etc.

6) O deseño dos itinerarios peonís, vaos e pasos de peóns realizarase conforme aos criterios expostos na lexislación de accesibilidade e supresión de barreiras.

Condicións de seguridade e medidas de atenuación da velocidade

Toda a rede viaria irá equipada coa sinalización axeitada ao obxecto de procurar unhas condicións mínimas de seguridade para vehículos e peóns. A rede para mobilidade rodada motorizada (pista de A Cañota a Mosteirón) incluirá sinalización de límite 30 de velocidade. O resto da rede viaria levará sinalización de límite 10 de velocidade.

Os pasos de peóns realizaranse resaltados no vial principal.

Artigo 4.6. Condicións do abastecemento de auga.

1) Para o dimensionado da rede e a estimación da dotación diaria de auga, estarase ao disposto nos valores límite establecidos no Plan Sectorial Hidrolóxico Galicia-Costa.

2) Estarase ao que dispoña a compañía de augas municipal canto as condicións de deseño e características da infraestrutura, en congruencia coas determinacións do PXOM de Sada e as Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia (ITHOG). En caso de contradición, arbitraranse solucións baixo criterios integrados de eficiencia, durabilidade e economía.

Detallarase no Proxecto de Urbanización o trazado da rede reflectido nos planos de ordenación deste PERI.

3) Colocaranse hidrantes de incendios, segundo o disposto no Anexo I do RD 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.

4) Non se contempla a instalación de rede de rega nos espazos públicos.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Artigo 4.7. Condicións do saneamento de augas fecais

1) O Proxecto de Urbanización detallará e calculará a rede de recollida de augas fecais segundo o trazado reflectido nos planos de ordenación deste PERI. Contemplase unha rede de recollida independente e separada da de augas pluviais.

2) A rede de nova execución conectarase ao colector municipal no punto indicado nos planos de ordenación.

3) Estarase ao disposto no PXOM de Sada e nas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia (ITHOG) canto as determinacións de deseño a ter en conta no proxecto e execución da rede.

Artigo 4.8. Condicións do saneamento de augas pluviais

1) O Proxecto de Urbanización detallará e calculará a rede de recollida de augas pluviais segundo o trazado reflectido nos planos de ordenación.

2) Estarase ao disposto no PXOM de Sada e nas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia (ITHOG) canto as determinacións de deseño a ter en conta no proxecto e execución da rede. Porén, na medida do posible, procurarase que as augas de choiva acaden o medio receptor o antes posible, sen contaminantes e evitando fortes avenidas en espazo curto de tempo, mesmo, mediante técnicas de drenaxe urbana sostible. Neste senso, proponse as seguintes medidas:

- Emprego de pavimentos filtrantes onde sexa posible
- Cunetas e elementos de captación de auga formada por gabias drenantes.
- Vertido en dominio público hidráulico en área de biorrentención con pretratamento anticontaminante, formado por unha balsa de detención e gabia vexetal de infiltración e dren filtrante en cabeceira de regatos.
- Depósitos de infiltración en saída.
- Depósitos de choiva no interior de parcelas para captación de auga de choiva de cubertas de edificio para posterior reutilización en caso necesario.
- Outras que se estimen oportunas.

Artigo 4.9. Condicións do subministro de electricidade

1) O Proxecto de Urbanización detallará e calculara a rede de subministro de electricidade reflectida nos planos de ordenación.

2) Seguiranse as determinacións expresadas no PXOM de Sada en consonancia coas especificacións da compañía operadora na zona. En caso de discordancia, arbitraranse solucións integradas dende o punto de vista da eficiencia e a economía.

3) Os centros de transformación terán acceso dende a vía pública. Serán de dobre entrada (bucle), co fin de alimentalos dende dous puntos distintos.

Artigo 4.10. Condicións do alumeado público

1) O Proxecto de Urbanización detallará e calculara a rede de alumeado. O nivel mínimo de iluminación establecese en 20 lux nas rúas e de 5 lux para todos os espazos de percorrido peonil, sendo o coeficiente de uniformidade de 0,3.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

2) Terase en conta a lexislación sectorial en materia de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior (RD 1890/2008). Na medida do posible, empregaranse luminarias con fonte de enerxía solar.

3) Para o alumeado de espazos peonís empregarase lámpadas de LED branca.

4) Terase en conta no deseño do alumeado as cuestións de xénero e idade, con criterios de seguridade cara a colectivos vulnerables.

5) A iluminación pública presentará un deseño que evite a contaminación lumínica.

Artigo 4.11. Recollida de lixo

Para o almacenamento dos lixos da urbanización, habilitaranse espazos que terán capacidade suficiente para albergar os contedores necesarios, conforme ao número, tamaño e tipo dos existentes no Concello e o seu sistema de recollida selectiva.

A colocación seguirá ao indicado no plano de ordenación correspondente.

Deseñaranse no Proxecto de Urbanización cos criterios básicos de funcionalidade e capacidade de minimizar o impacto visual dos contedores. A tal efecto, deseñaranse elementos de ocultación que poderán ser vexetais ou de madeira. Contarán cunha billa e un sumidoiro para proceder á súa periódica limpeza.

Artigo 4.12. Mobiliario urbano

Os proxectos de urbanización definirán e localizarán aqueles elementos de mobiliario urbano na urbanización, e que como mínimo serán os seguintes:

- elementos visibles do alumeado público

- bancos

- papeleiras

- sinalización

- aparcadoiros para bicis

O seu deseño e características serán adecuadas e estarán integrados no ambiente. Os diferentes elementos darán unha imaxe harmoniosa de conxunto.

A colocación de estes elementos en relación aos espazos peonís, deberán cumprir as distancias mínimas expostas na lexislación sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Artigo 4.13. Normas de protección do medio ambiente durante as obras

- A maquinaria empregada no proceso de urbanización cumprirá coa normativa de emisión que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto.

- No caso de efectuar voaduras, no seu deseño e execución, levaranse a cabo as medidas protectoras e correctoras necesarias co fin de minimizar as afeccións debidas ao ruído, vibracións, po e proxeccións de materiais.

- Queda prohibida a queima de restos ou calquera tipo de material, sen a autorización correspondente.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

- Co fin de evitar posibles alteracións da calidade do aire por emisión de po á atmosfera durante a fase de execución, debido á acción da maquinaria e dos movementos de terra, levarase a cabo o rego de camiños e zonas de obra e o recubrimento cun toldo impermeable dos camións que transporten o material. Ademais, procederase ao lavado das rodas dos camións á saída da zona das obras.

- As obras se deberán adecuar a ritmos de traballo diúrno, minimizando as molestias ocasionadas aos veciños e ao seu entorno (en todo o ámbito). Estarase ao disposto á lexislación vixente na protección contra a contaminación acústica así como no estipulado, no seu caso, na ordenanza municipal do Concello.

- Durante a fase de obras disporase dun sistema de recollida, condución e decantación das augas pluviais ou das procedentes do rego da zona das obras caídas no interior da superficie de actuación. Se instalarán barreiras físicas que freen a escorrenta superficial e eviten arrastres non desexados, como sedimentos, para os cursos fluviais evitando a contaminación das augas.

- O deseño dos dispositivos de drenaxe da rede viaria realizarase de xeito que se evite a formación de asolagamentos ou deposicións nos puntos de incorporación á rede natural.

- Prohíbese verter nos canles fluviais restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramentas que estiveran en contacto con eles, así como os cambios de aceite da maquinaria de construción. Ademais non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos, ningún tipo de material que se poida incorporar a estes por esbarramento ou por asolagamento. Os verteduras que se realicen aos canles serán preceptiva a autorización outorgada pola Confederación Hidrográfica Galicia Costa.

- De forma previa ao comezo efectivo das obras, procederase a delimitar o terreo afectado por estas, de xeito que se minimice a afección do proxecto sobre o territorio. Igualmente definiranse os camiños a utilizar no marco do proceso construtivo, debendo estar xustificado o emprego de zonas diferentes aos trazados dos camiños definitivos.

- Nas fases de construción, debe incorporase como factor decisor (para a execución) a previsión meteorolóxica. Así, deberanse limitar as operacións de carga e descarga de materiais, execución de escavacións, e en xeral, todas aquelas actividades que poidan dar lugar á emisión ou mobilización de pó ou partículas en suspensión, en períodos no que o rango da velocidade do vento sexa inferior a 10 Km./h. Ademais, como norma xeral, evitarase a realización das actividades de esta fase de construción durante días ou períodos de forte inestabilidade (en día soleado, a inestabilidade é máxima a mediodía, coincidindo cos períodos de máxima radiación solar, e mínima pola mañá ou a última hora da tarde), ou nos días nos que se prevexa a entrada de frontes (a choiva podería levar ao arrastre de materiais por escorrenta superficial), etc.

- Retiraranse e amontoará a terra vexetal procedente das labores de escavación e movementos de terras co obxecto de empregala posteriormente no proceso de restauración paisaxística das zonas verdes e dos espazos afectados polas obras. Esta terra vexetal mentres permaneza almacenada non poderá ser mesturada con ningún tipo de escombros.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

- Os montóns de terra vexetal teranse que facer de modo que se impida o seu deterioro por compactación (por paso de maquinaria) ou por erosión hídrica. No caso de que o período de almacenamento sexa prolongado e non apareza vexetación espontánea nos montóns, realizaranse sementeiras de herbáceas (gramíneas e leguminosas) con aportes de mulch suficiente para manter entre un 5% e un 6% de materia orgánica.

- Naquelas zonas afectadas por movementos de terra, escavacións e en xeral todas aquelas operacións de obra que supoñan a aparición de superficies núas, procederase á súa revexetación unha vez se alcancen as superficies definitivas, co obxecto de evitar a aparición de fenómenos erosivos.

- Previamente á realización de tarefas de mantemento e reparación da maquinaria de obra non apta para circular por estrada, deberase dispor na zona dos medios necesarios para evitar a chegada de vertidos accidentais ao solo, facilitando a súa recollida. No caso da maquinaria apta para esta circulación, estas tarefas deberanse realizar en talleres autorizados.

- Delimitarase, ademais, un espazo destinado a acollida das instalacións auxiliares á obra (parque de maquinaria, zona de almacenamento de materiais, etc.). A disposición de materiais de obra e maquinaria realizarase fóra das zonas de vexetación natural (especies autóctonas) e o máis afastado posible de vivendas e canles fluviais (Rego de Covas).

- Tódolos residuos xerados xestionaranse conforme á lexislación vixente de aplicación, en función da súa natureza, primando o seo reciclaxe ou reutilización fronte ao vertido.

- Durante a fase de explotación instalaranse os correspondentes contenedores de recollida selectiva de residuos, así como papeleiras. Estas deber ser pechadas a fin de evitar o acceso as mesmas por parte da fauna existente no ámbito e contorno.

Ademais almacenaranse en contedores, ata a súa entrega a xestor autorizado, situados na zona de instalacións de obra, atendendo aos criterios de almacenamento establecidos na lexislación vixente e sinalizando claramente a súa presenza, debéndose informar ao persoal da obra sobre a situación destas zonas.

- No caso de que se precise material procedente de canteiras para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de canteiras autorizadas.

Ademais estúdase a posibilidade de que parte dos materiais a usar para a urbanización (para bases ou subbases dos viais, para a fabricación de formigonados, para pavimentar as vías auxiliares, para recheos pouco esixentes xeotecnicamente, etc.), procedan de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

- Respectarase sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non estea afectada directamente pola execución da obra. Ademais, procederase ao balizado ou á sinalización da zona verde co obxecto de evitar afeccións innecesarias sobre ela.

- Para a realización de poda das especies arbóreas débese ter en conta o dispostos no Regulamento de Montes, tendo que facer a correspondente comunicación de poda ou solicitude de autorización, segundo o caso.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

- Os restos vexetais que se produzan, deberán ser xestionados correctamente prevalecendo sempre a súa valorización. No caso de depositalos no terreo, deberán ser triturados e distribuídos homoxeneamente, para permitir unha rápida incorporación ao solo.

- Tódalas árbores e sementes a empregar reunirán as condicións suficientes de pureza, potencia xerminativa e ausencia de pragas e enfermidades que garanten o éxito da revexetación.

- Procederase ao rego regular, ao abonado mineral de reforzo anual e á resementeira das superficies nas que aparezan calvas e/ou avultamentos ata que se asegure a viabilidade da revexetación.

- No caso de nidificación dalgunha especie singular, será necesario informar ao servizo de protección da natureza.

-Antes do uso do ámbito a desenvolver, se retirarán e xestionarán tódolos residuos xerados na fase de obra ou xa existentes no ámbito.

- Estableceranse as medidas correctoras necesarias co fin de minimizar a contaminación luminosa.

- Establecerán medidas encamiñadas ao mantemento das infraestruturas locais existentes que sexan utilizadas na execución do proxecto, procedéndose á reparación dos estragos ou danos ocasionados nelas, de ser o caso.

Artigo 4.14. Conservación da urbanización

A conservación e mantemento da urbanización será a cargo do Concello, logo da recepción definitiva das obras.

5. NORMAS DE PARCELACIÓN

Artigo 5.1. Xeneralidades

Enténdese por parcelación a subdivisión simultánea o sucesiva de parcelas, o a agrupación das mesmas previstas na ordenación do Plan Parcial.

Toda agrupación o segregación das parcelas citadas anteriormente deberán:

- Respectar a estrutura urbanística que fixa o Plan Parcial.
- Facer posible as acometidas dos demais servizos urbanísticos.
- Deseñar parcelas edificables de acordo coa normativa do Plan Parcial.

Toda parcelación estará sometida a previa licenza municipal. Estarase ao disposto nos artigos 355, 366 e seguintes do RLSG.

Artigo 5.2. Segregación de parcelas. Parcela mínima.

Poderanse dividir parcelas para formar outras de menor tamaño, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- As parcelas resultantes non serán menores da mínima establecida para cada zona nas ordenanzas particulares.

- Cada unha das novas parcelas cumprirá cos parámetros reguladores da ordenación establecida no proxecto de equidistribución.

- Resólvese adecuadamente a dotación de tódolos servizos existentes para cada unha das parcelas resultantes.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

- Se con motivo da subdivisión de parcelas fora preciso realizar obras de urbanización, estas executaranse con cargo ao titular da parcela orixinaria.

- A esixencia de prazas de aparcamento privadas repartirase proporcionalmente á edificabilidade de cada parcela.

- A nova parcelación, así mesmo, será obxecto de licenza municipal.

Artigo 5.3. Agrupación de parcelas

Permítese agrupar parcelas para formar outras de maiores dimensións.

As parcelas resultantes estarán suxeitas, en todo caso, ás prescricións que as Ordenanzas Particulares sinalan.

6. SERVIDUMES AERONÁUTICAS

Artigo 6.1. Definición e prohibicións

O ámbito do PERI atopase afectado polas Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de A Coruña, principalmente pola *Superficie de Aproximación Intermedia da Manobra ILS* e a *Superficie de Aproximación Frustrada da Manobra ILS*, segundo recolle o correspondente plano de ordenación de "Servidumes Aeronáuticas".

Mais, en todo caso, aplicaranse as servidumes que, no momento de solicitude de licenza, se atopen vixentes.

No plano de servidumes represéntanse as liñas de nivel das superficies limitadoras das servidumes, as cales determinan as alturas (respecto ao nivel do mar) que non debe sobrepasar ningunha construción (incluídos todos os seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensor, carteis, remates decorativos, etc), modificación do terreo ou obxecto fixo (postes, antenas, aeroxeneradores incluídas as súas pas, carteis, etc), mesmo o gálivo de viario ou vía férrea.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

ANEXO: NORMATIVA REGULADORA EN RELACIÓN Á REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA

1. ORDENACIÓN DE SISTEMAS

1.1. CLASIFICACIÓN DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS

As estradas autonómicas clasifícanse, en atención ás súas características técnicas, segundo se dispón no artigo 4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou no precepto correspondente da norma de rango legal que a veña a substituír.

En atención ás súas características funcionais, as estradas autonómicas clasifícanse segundo se dispón no artigo 32 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, ou no precepto correspondente da norma que o veña a substituír.

1.2. CONDICIÓNS DA REDE DE ESTRADAS AUTONÓMICAS

1.2.1. Zona de dominio público

1. A zona de dominio público das estradas está integrada polos terreos ocupados por todos os elementos do dominio público viario adquiridos por título lexítimo pola administración autonómica, e defínese segundo o previsto no artigo 37, en relación co 2, da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, ou nos preceptos correspondentes da norma de rango legal que a veña a substituír.

2. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público das estradas autonómicas está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso.

3. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público das estradas autonómicas correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas ou ó órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

4. As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para a zona de dominio público serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.2. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

1. Para a protección do dominio público viario e a debida prestación do servizo público viario, ademais da zona de dominio público, establécense as zonas de protección da estrada denominadas de servidume e de afección, así como a liña límite de edificación.

Para o seu establecemento e delimitación estarase ao abeiro do previsto nos artigos 38 (zonas de protección da estrada e liña límite de edificación), 39 (delimitación da zona de servidume), 40 (delimitación da zona de afección) e 41 (delimitación da liña límite de edificación) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

Estradas de Galicia, ou nos preceptos correspondentes da norma de rango legal que a veña a substituír.

2. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección das estradas autonómicas está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización, previamente ó outorgamento da licenza municipal, no seu caso.

3. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade nas zonas de protección das estradas autonómicas correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas, ou ó órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

4. As limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos para as zonas de protección e pola liña límite de edificación serán efectivas tamén para os terreos afectados por actuacións previstas, logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción correspondentes.

1.2.3. Limitacións de uso derivadas do ruído

Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os límites recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento.

Fóra das áreas urbanizadas existentes antes da data de entrada en vigor do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, nos sectores do territorio gravados polas servidumes acústicas das estradas autonómicas aprobadas e reflectidas nos planos de información do documento, conforme a normativa en materia de ruído, as inmisións producidas polas estradas autonómicas poderán superar os obxectivos de calidade acústica aplicables ás correspondentes áreas acústicas. Os niveis de ruído esperables vinculados ás estradas autonómicas serán os reflectidos nos mapas estratéxicos de ruído das estradas autonómicas, que se inclúen como parte dos planos de información do documento.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

2. ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL

2.1. CONDICIÓNS DE PARCELACIÓN E SEGREGACIÓN

As parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas autonómicas están suxeitas ao deber de obter a correspondente autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal de parcelación ou segregación, no seu caso.

2.2. CONDICIÓNS DE POSICIÓN

2.2.1. Posición da edificación

1. As edificacións e outras construcións nas marxes das estradas autonómicas, incluídas as realizadas baixo a rasante, non se situarán máis próximas a estas que a aliñación de edificación sinalada nos planos de ordenación.

Non se admitirán voos sobre as aliñacións de edificación que dan fronte ás estradas autonómicas.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de todo tipo de edificacións e outras construcións nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretendan realizar aquelas.

2.2.2. Posición do peche

1. A posición dos peches de parcelas nas marxes das estradas de titularidade autonómica, segundo a súa tipoloxía, rexerase polas seguintes condicións:

a) Os peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica, poderán situarse no borde da parcela.

b) Os peches diáfanos, con cimentación de obra de fábrica que non sobresaia máis de corenta centímetros (40 cm) en ningún punto da rasante do terreo, non poderán situarse máis próximos á estrada que a aliñación oficial exterior, grafada nos planos de ordenación.

c) O resto de peches non diáfanos ou de obra de fábrica, non poderán situarse máis próximos á estrada que a aliñación de edificación.

2. Será requisito para o outorgamento da correspondente licenza municipal para a execución de peches nas zonas de servidume e afección das estradas autonómicas, a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretenda realizar aquela.

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.

2.3. CONDICIÓNS DE ACCESO

Será requisito para o establecemento de accesos ás estradas autonómicas a obtención previa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ou do órgano da administración autonómica que asuma as súas funcións.

O outorgamento da antedita autorización de acceso será requisito previo para a obtención da correspondente licenza municipal para realizar calquera tipo de edificación na parcela, agás no caso de que se dispoña dun acceso alternativo que non se realice a través da estrada autonómica.

2.4. OBRAS PERMITIDAS EN SITUACIÓN DE PARCIAL INCOMPATIBILIDADE CO PLAN

As edificacións, instalacións e peches preexistentes, nos solos de núcleo rural, cando fosen recoñecidos como treitos urbanos de núcleo rural a efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, situados nas marxes das estradas autonómicas, quedarán en situación de parcial incompatibilidade co plan cando se sitúen máis afastados da estrada que a aliñación de viario, pero máis próximas á mesma que a aliñación de edificación.

Nestes casos, só poderán autorizarse obras de conservación, mantemento e rehabilitación, así coma as obras de reforma, que en ningún caso poderá supoñer un aumento de volume da construción existente, por enriba ou por debaixo da rasante.

Na data da sinatura electrónica

OS ARQUITECTOS,

Asdo.: Ángel Luís Monteoliva Díaz

Asdo.: Iñigo de Miranda Osset

CVD: +n2SBuwvn/FlqKqEy6ko Verificable na Sede Electrónica do Organismo.